[http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/11000435/helvia/aula/archivos/\\_35/html/122/BUGS5/files/bugs\\_cd5.htm](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/11000435/helvia/aula/archivos/_35/html/122/BUGS5/files/bugs_cd5.htm)

Find out 5

[http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/14007386/helvia/aula/archivos/repositorio//250/280/html/cd\\_ingles\\_5\\_nivel/files/findout.html](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/14007386/helvia/aula/archivos/repositorio//250/280/html/cd_ingles_5_nivel/files/findout.html)

## **CONTIDOS TRABALLADOS O LONGO DOS DOUS PRIMEIROS TRIMESTRES**

- Aprender vocabulario relacionado con diferentes edificios e partes dunha cidades.
- Expresar as actividades de lecer que se fan cada día.
- Coñecer a forma afirmativa, negativa e interrogativa de: *There is / there are*.
- Describir unha cidade ou vila.
- Saber indicar direccións para ubicar un lugar.
- Aprender a indicar un lugar nun mapa.
- Saber expresións para comunicarse nunha oficina de turismo.
- Aprender sobre os medios de transporte no mundo.
- Aprender vocabulario para facer unha descrición psicolóxica (adxectivos).
- Usar o verbo *To be* + adxectivo.
- Usar a forma *Can/can't*.
- Aprender a utilizar os adxectivos en forma comparativa: *Comparing (adjectives comparative form)*
- Describir e comparar persoas..

- Repasar o vocabulario relacionado coa roupa.
- Describir o que un mesmo ou outra persoa leva posto.
- Aprender vocabulario relacionado coa comida.
- Coñecer como dicir as comidas principais do día.
- Aprender vocabulario básico dunha receita de cociña, cos verbos no imperativo.
- Usar os verbos *like*, *love* e *hate* en forma afirmativa, negativa e interrogativa.
- Saber falar sobre hábitos de alimentación saudables.
- Aprender a pedir comida.
- Facer preguntas na aula sobre os gustos e hábitos alimentarios.
- Aprender vocabulario relacionado con actividades diarias, deportes,...
- Repasar as horas e as partes do día.
- Aprender expresións temporais.
- Uso da forma: *present continuous*.
- Aprender a diferenza entre as formas: *present simple* e *present continuous*.
- Saber como entrevistar e responder preguntas nunha entrevista.

### **CONTIDOS NON TRABALLADOS (3º TRIMESTRE)**

- Aprender vocabulario relacionado coa tecnoloxía, as profesións e a vida no pasado.
- Coñecer as formas dos verbos regulares en *past simple*.
- Saber expresións temporais para o pasado.
- Comparar a vida no pasado coa vida actual.
- Elaborar unha liña do tempo.
- Comprender e escribir unha biografía sinxela.
- Pronunciar correctamente o pasado dos verbos regulares.

- Aprender vocabulario relacionado con paisaxes, actividades de vacacións, animais.
- Aprender vocabulario relacionado cos puntos cardinais para situar lugares nun mapamundi.
- Repasar vocabulario relacionado co tempo atmosférico.
- Falar de recordos de vacacións e de vacacións soñadas.
- Aprender algúns verbos irregulares en *past simple*: forma afirmativa, negativa e interrogativa.
- Uso de *There was/ there were*: forma afirmativa, negativa e interrogativa.
- Escribir unha historia sinxela no pasado contando un soño.
- Describir fotografías de momentos do pasado.
- Repasar contidos principais do ciclo anterior.

## **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

O procedemento que empregaremos para informar ao alumnado será a través da plataforma EDIXGAL e o correo electrónico.

A s comunicacións xerais, informaranse a través da paxina web do colexio.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES

CURSO: 6º

MATERIA: INGLÉS

MESTRE: JOSÉ LUIS ÁLVAREZ VILARIÑO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



## **Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles.**

### **BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS**

Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).

Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).

Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).

Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).

Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.

Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.
- Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.
- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

## COMPETENCIAS CLAVE

CCL/CAA/CSC/CD

### **BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS:EXPRESIÓN E INTERACCIÓN**

Fai presentaciónns breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.
- Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.
- Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.
- Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa.

## COMPETENCIAS CLAVE

CCL/CAA/CSC/CD

### **BLOQUE 3: COMPRENSIÓN TEXTOS ESCRITOS**

Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.

Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.

Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.

Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).

Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).

Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.
- Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

- Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

## COMPETENCIAS CLAVE

CCL/CAA/CSC/CD

### **BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN**

Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).

Escrebe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.
- Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.
- Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.
- Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.

## COMPETENCIAS CLAVE

CCL/CAA/CSC/CD

## **BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL**

Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.

Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).

Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).

Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.
- Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.
- Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).

- Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).
- Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.
- Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos).
- Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.
- Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.
- Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.
- Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).)
- Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.
- Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas.

## COMPETENCIAS CLAVE

CCL/CAA/CSC/CD

### **Avaliación e cualificación. (1ª / 2ª avaliación)**

- Controis escritos e orais da avaliación inicial o comezo do CURSO.

- Controis orais ou escritos de cada unidade ou varias unidades didácticas.
- Fichas diversas sobre contidos dos temas.
- Rexistro de valoración dos distintos apartados: vocabulario, estruturas, pronunciación, comprensión, etc
- Rexistro das respostas orais, da participación activa na clase e da actuación do alumno/a na pizarra.
- Rexistro da valoración da orden e presentación de cadernos e traballos.
- Rexistro da valoración da actitude e o comportamento.

A calificación numérica do alumnado ceñirase o seguinte baremo:

- Controis escritos de cada unidade ou unidades e fichas específicas (50%)
- Expresión oral. Control oral do vocabulario. Estructuras (20%)
- Actitude e conducta (15%)
- Traballo individual do alumno/a na clase e na casa. Orden e limpeza nos cuadernos e traballos (15%)

## **ALUMNADO CON NEE**

Estableceranse as medidas mais axeitadas para que as condicións da realización das avaliacións se adapten as necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

### **Avaliación e cualificación do terceiro trimestre.**

**Procedementos:** Todas as actividades que se desenvolverán serán de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, de ampliación de aprendizaxes anteriores. Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. Valoraranse só positivamente as tarefas realizadas neste trimestre, nunca negativamente

Os procedementos que se utilizan son:

- Observación sistemática da resposta do alumnado e interacción entre profesorado e alumnado.
- Análise de tarefas escritas e tarefas orais (traballos realizados en plataformas dixitais, documentos en pdf, fotografías, escaneados, audios vídeos,...); comunicación a través de correo electrónico, videoconferencias co alumnado, etc.
- Valoracións dos traballos.

Recompilación dos materiais e tarefas realizadas polo alumnado.

**Instrumentos:**

- Tarefas usando:
  - Fichas de comprensión oral (listenings), de videos, cancións, diálogos,...
  - Fichas de comprensión escrita (reading) con vocabulario e estruturas previamente traballadas.
  - Audios ou videos de expresión oral ( speaking).
  - Fichas de expresión escrita (writing) de vocabulario e estruturas dadas previamente.
- Proxectos.
- Uso de páxinas WEB, correo electrónico,...
- Plataforma de videoconferencias CISCO WEBEX
- Plataforma E-dixgal
- ...

Teráse en conta que, todas as actividades enviadas a través da plataforma EDIXGAL, son realizadas en tempo e forma.

Ditas tarefas só computarán de xeito positivo, xa que non todos os alumnos/as dispoñen de medios suficientes.

Faráse unha avaliación continua tendo en conta principalmente as dúas primeiras avaliacións

**Cualificación final**

A cualificación final distribuirase do seguinte xeito:

1º trimestre: 40%

2º trimestre: 60%

3º trimestre: Ata un 20%.

Para o alumnado que superou a materia do primeiro e do segundo trimestre poderá aplicárselle

positivamente ata un 20% máis no 3º trimestre (ata un máximo de 2 puntos) tendo en conta que o 10 e a cualificación máxima. Para o alumnado que ten suspensa/s algunha/s materia/s pode superar a mesma/s se coa posibilidade de obter ata o 20% adicional chega ao aprobado (5) ou o supera.

**Actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, no seu caso ampliación )**



Dous días a semana, martes e xoves, (se non xurde algún imprevisto) teremos clase a través da plataforma CISCO WEBEX MEETINGS.  
(Traballárase na medida do posible o speaking)

O inicio da semana enviase unha serie de actividades (fichas) de repaso e reforzo dos temas dados. O final da semana dáselles as solucións. (Traballase así o reading e o writing)

Os listenings traballanse a través de la plataforma proporcionando links adecuados a súa idade, complementados con fichas para comprobar a súa comprensión.

Realizaranse tamén lecturas comprensivas e para completar.

Dáselle direccións de páxinas web con actividades de reforzo e ampliación

Páxinas recomendadas os alumnos:

Editorial Oxford

Recursos para 4º/5º/6º

<https://elt.oup.com/student/oupeprimary/?cc=global&sellLanguage=en&elqTrackId=6e1edd8b85644b2b827d03facc507a90>>

Bugs 6

[http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/11000435/helvia/aula/archivos/35/html/154/BUGS6/files/bugs\\_cd6.htm](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/11000435/helvia/aula/archivos/35/html/154/BUGS6/files/bugs_cd6.htm)

Find out 6

<https://elt.oup.com/student/oupeprimary/?cc=global&sellLanguage=en&elqTrackId=6e1edd8b85644b2b827d03facc507a90>

Games

<http://eslgamesworld.com/members/games/ClassroomGames/Quizshow/Irregular%20Past%20Simple%20Quiz%20Show/index.html>

<http://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoblog/fpelmel/play-with-english-irregular-verbs/>

<http://www.eslgamesplus.com/past-simple-irregular-verbs-esl-grammar-interactive-activity-online/>

## CONTIDOS TRABALLADOS O LONGO DOS DOUS PRIMEIROS TRIMESTRES

- Usar as seguintes formas: *present simple*, *present continuous*, *imperative*.
- Aprender as expresións de tempo: días, partes do día, datas e meses.
- Referirse a actividades que nos gusta facer: *to like* + verb-*ing*.
- Falar sobre o tempo libre.
- Aprender a comparar persoas, obxectos e situacións: *comparative* e *superlative*.
- Uso do pasado (*past simple*): *to be*, verbos regulares e verbos irregulares máis comúns.
- Falar de experiencias pasadas.
- Falar de eventos deportivos.
- Describir persoas e as súas habilidades.
- Falar sobre ir de compras.
- Falar sobre roupa.
- Aprender a usar os nomes contables e incontables.
- Usar *much*, *many*, *how much*, *how many*.
- Usar expresións de cantidade: *a few*, *a lot*, *much*, *many*, *more*, *little*, *a bottle*, *a kilo*, *a piece*...
- Aprender novos verbos irregulares e repasar algúns coñecidos: *go-went*, *see-saw*, *run-ran*, *wake up-woke up*, *sell-sold*.
- Describir un escaparate.
- Expresar unha opinión persoal sobre as compras online.
- Falar sobre as mascotas.
- Aprender a falar sobre saúde e enfermidades.
- Preguntar e responder a cuestión: *what's the matter?*
- Usar vocabulario sobre o corpo humano.
- Facer recomendacións.
- Usar as estruturas: *have to do something* / *need to do something*.
- Usar a estrutura: *going to* + *verb*.

- Usar o pasado (*past simple*) de: *want, help, use, play, talk, have, give, get ill*.
- Preguntar e responder a cuestión: *how often do you...?*
- escoitar e comparar os sons 3:/ and /ɔ:/.
- Usar as construcións: *There is/ There are/ There was/ There were*.

### **CONTIDOS NON TRABALLADOS (3º TRIMESTRE)**

- Falar sobre profesións e sobre onde traballan as persoas.
- Falar sobre habilidades e posibilidades: *can, could*.
- Ler e escoller un menú.
- Falar sobre habilidades profesionais.
- Ler sobre o traballo dos nenos durante a época victoriana.
- Usar os verbos modais: *can, could, must, may e might*.
- Falar sobre accións progresivas: *present e past continuous*.
- Facer recomendacións sobre lugares que visitar.
- Uso da seguinte forma: *present simple*.
- Falar sobre plans: *present continuous e going to*.
- Falar sobre o tempo e a predición meteorolóxica.
- Aprender a construír oracións sobre os plans durante as vacacións.
- Explicar experiencias pasadas.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

O procedemento que empregaremos para informar ao alumnado será a través da plataforma EDIXGAL e o correo electrónico.

A s comunicacións xerais, informaranse a través da páxina web do colexio.